

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 9 de outubro de 2018, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**26 .- PROPOSTA DO CONCELEIRO DELEGADO DE EDUCACIÓN RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDEINTE DE "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE "ITINERARIO PEONIL SEGURO PARA A INTERCONEXIÓN DE CENTROS DE CEIP DAS FONTIAS"; APROBACIÓN DO GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 30 de outubro de 2018, do concelleiro delegado de Educación. Así mesmo, do informe con observacións de Intervención, número 2018/747 de data 8.11.18

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Manuel Dios Diz, concelleiro delegado de educación, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

**EXPÓN:**

1. Con data 13 de outubro de 2017, a Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobou o "Proxecto básico e de execución de itinerario peonil seguro para a interconexión de centros de CEIP das Fontiñas".
2. Con data 3 de agosto de 2018, o xefe de servizo de obras e proxectos emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade da súa contratación.
3. O día 5 de setembro seguinte, esta concellería delegada formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria.
4. Ese mesmo día, a concelleira delegada de economía, facenda e administración resolveu iniciar o expediente proposto, ó que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.



## CONCELLO DE SANTIAGO

5. Finalmente, xa o 25 de outubro, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, da mesma data, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que "o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da LCSP polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación".

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Proxecto básico e de execución de "Itinerario peonil seguro para a interconexión de centros de CEIP das Fontiñas"**, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento **aberto simplificado**, establecéndose un tipo de licitación de **103.269,33 euros IVE** aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 21.686,56 euros.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **080 32300 63200 Proxecto 2017 2 EDUCA 56 1**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2018: 83.303,93 euros.  
Anualidade 2019: 41.651,96 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Aprobar o expediente denominado **Proxecto básico e de execución de "Itinerario peonil seguro para a interconexión de centros de CEIP das Fontiñas"**, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adjudicación mediante procedemento **aberto simplificado**, establecéndose un tipo de licitación de **103.269,33 euros, IVE aparte**.

O IVE correspondente, (21% da cantidade anterior), ascende a **21.686,56 euros**.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **080 32300 63200 Proxecto 2017 2 EDUCA 56 1**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2018: **83.303,93 euros**.

Anualidade 2019: **41.651,96 euros**.

O **CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

**Asdo: Xan Xesús Duro Fernández**



